

ANO III

Nº 2

AGOSTO 2010



ALCATRUZ



ALCATRUZ

AGOSTO 2010
Nº 2
Ano III

SUBVENCIONA:

logo
Academia
Postal

*Foto Portada:
rúa Aureliano Ferreiro (Maceda)*

EDITA:

Asociación "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez
Milagros Aldemira

MAQUETACIÓN:

????????????????????

COLABORACIÓNS:

Santiago Prol
Luis Del Campo
Pilar Aldemira
Xosé López
Francisco Carballo
José Antonio Rodríguez
Ramón Villar
Delfín Martínez
Ramón Sarmiento
M^a Carmen Aldemira
Amalia González

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

SUMARIO:

Limiar	2
Vestixios dos nosos devanceiros (III)	3
As construcións adxectivas: os muíños de río	6
O terremoto de Lisboa (1755)	11
Creatividade contra aborrecemento.....	13
Poder absoluto. Mais outra sociedade é posibel	15
Orixe das feiras en Maceda. Unha feira.	18
Testemuño dun carrilano	23
Maceda, ese anaco do escenario mundial	26
No val de Maceda: Santiago da Costa ...	29
Setestrela: Asociación de amigos do ...	
Castelo de Maceda	31
Pasatempos.....	32
Para os máis cativos	33
Os vixiantes do lugar	34

LIMIAR

Muíños, devanceiros, feiras,..., pequenas cousas conforman este terceiro número do noso pequeno grande proxecto que é a revista ALCATRUZ.

Luces da Casarella, do castro de Malamao, pequenos fachos nas lonxanías dun tempo esquecido e descoñecido dos saberes que nos achegaron a estes actuais modos.

O intento de achegar as historias e as cousas de deantes, é o que nos segue, nos persegue e nos anima por estas corredoiras nas que a nosa xente foi e veu, ó tempo que deixou a súa pegada nos riscos afendados polos carros nas penedas.

Moendas, fiadeiros, entroidos,..., saberes vellos que se esquecen!

Ruda para os piollos das pitas, xarxa para a dor de barriga,...

Non queremos, non!, que se perdan os arredos dos nosos devanceiros, sempre desenrolándose en circunstancias á contra

Queremos que os nosos nenos/as, mozos/as - é dicir o noso futuro- saiban que os seus ancestros vivían xa nunha economía sostible! (agora que tanto se fala diso: de sosteñibilidade, ecoloxismo, integración no medio,...)

Señoras/es, temos unha historia recente, que nin historia se pode chamar -pois foi onte, como quen di-

Contémosllela, ensinémollela, que non se perda!, pois é nosa, é de todos.

Non temos nada de inventos: leámola, escoitémola, -en definitiva- coñezámola e transmitámola, porque esa historia nosa TÉN MOITO QUE NOS ENSINAR!



Coroza

VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (III)

Santiago Prol

A Terra de San Mamede é unha das máis bravas e altas que hai no Reino de Galiza, case todo o ano atópase neve nela. Tomou esta serra nome do santo corpo que alí está e nela fixo a súa áspera vida. Tiña morada nunha cova. As xentes da contorna puxéronlle ese nome pois só se alimentaba de leite de bravos animais.

LICENCIADO MOLINA, 1550

No noso País existen trinta e tres lugares e aldeas que levan o nome de San Mamede. Porén, no cumio desta icona referencial tan nosa, na chaira abeirada aos 1618 m. da cota xeodésica, erixiron unha ermida de estilo visigótico con engadidos románicos amenada polo Licenciado Molina (1550). A tradición oral conta que para subir as pedras até onde asentaron a capela, axudáronse de parellas atípicas de animais autóctonos. O culto a San Mamede espallouse dende o século V segundo o Padre Flórez (1747). A capela foi destruída co paso do tempo. Reconstruíuse na derradeira década do século XX.

O inventario do Patrimonio Histórico Artístico vencellado coa arquitectura relixiosa de Maceda é abondoso. Aínda que incompleto saíu publicado no DOG en 1991 [nº 134]. Saliar as igrexas de Sta. Mariña de Asadur, San Pedro de Maceda, Santiago de Zorelle, Sta. María de Cimadevila, San Xoán de Vilardecás, Sta. Baia

de Escuadro, Virxe das Neves de Maceda e Sta. María de Piúca. Tamén as capelas de Pías, Casasoá, Castro de Escuadro, Foncuberta, Francos, Tioira, Santa Marta, Xinzo, Amedo, Santirso, Vixueses, Barxela, Bustavalle...; Calvelo mesmo conserva o Bautista baixo arco románico. Case todas as igrexas e capelas conteñen esculturas e ourivería. Outrosí a ermida de Nosa Señora de Donfranque, padroeira de Piúca, O Souto, Casonel e Outeiro da Torre. Conforman un edificio erixido enriba doutro prerrománico. Amosou vellelos co mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil. Logo quedou baixo xurisdición dos nobiliarios da Torre. En 1640, Aldonza de Nóvoa e Lemos, señora de Maceda, mandou que reparasen unha casa que tiña a carón de Donfranque e que habilitasen nela “cama para acoller aos pobres que viñesen facer novenas”. Rivas Quintas (1985) colixe que antano “foi máis que a ermida que hoxe vemos”.

Do cenobio de monxas tou-



quinegras de Asadur consérvase un singular baixorrelevo cun Cristo crucificado no centro, vestixio do edificio prerrománico. Áchase no lado norte da igrexa, na parte exterior da sancristía. Á dereita tén unha inscrición -pouco nítida- que foi interpretada por Colmenero (1991): “Paixón e resurrección coa cruz” ou “Xesús, salvador dos homes na cruz”. Logo engade: “A primeira estaría máis de acordo coa escena, que, ademais de Xesús triunfante, representaría a catro soldados coas lanzas respectivas en actitude de desconcerto perante o resucitado. A segunda parece axustarse máis á escrita”. No ano 935 vivía no cenobio a infanta Ximena, filla do rei Ordoño e da raíña Elvira Menéndez, vinculados a Ro-

sendo de Celanova. O relevante mosteiro de donas estaba operativo a mediados do século XIV. O couto de Asadur pasou a xurisdición real en 1585. Dous anos despois foi mercado por Antonio de Nóvoa e Lemos, XXº señor de Maceda, en máis de 3.000 ducados, vinculándoo ao seu morgado, que fora recoñecido o 28 de abril de 1520.



Na igrexa de Asadur descansa un inquisidor que viviu no lugar dende 1620 até 1656, ano no que finou. Está soterrado na capela que ordenou edificar ao carón da Epístola. Debaxo do seu escudo pendura unha inscrición: “Esta capela fundouna o licenciado Pedro Vázquez de Castro, comisario do Santo Oficio e abade de Asadur”. Conserve a sartego con estatua xacente.



Igrexa de San Pedro e Castelo

Na igrexa de San Pedro de Maceda repousan o XVIIIº señor de Maceda e a súa dona

Xoana Díaz de Cadórniga, que pertencía a unha potentada e belixerante familia que se asentou en Ourense enfrontándose aos poderes fácticos [prelados e xudeus] da súa xeira. A familia Nóvoa de Maceda foi emparentando con boa parte da nobreza galega. Dela xurdiron bispos, abades, cabaleiros, alcaldes, navegantes, rexedores e logo, coa concesión do condado [1654], xenerais de brigada, gobernadores, vicerreis, ilustrados e até presidentes de multinacionais e de Estado.

A nosa freguesía, a comezos do século XVI non sobrepasaba os corenta veciños. O XVIIIº señor de Maceda tivo dúas fillas lexítimas, Elvira e Leonor de Nóvoa. En 1512 finou a súa dona. O fidalgo pasou o resto da súa vida [24 anos] mantendo relacións coas criadas na Torre, coas que tería un bo feixe de vástagos. Gallego Domínguez (2008) exhuma dez fillos naturais con catro criadas aos que lles deixou parte da súa herdanza. lánñez de Nóvoa tamén dispuxo no testamento que lle fixesen as honras e obsequios na igrexa de Maceda que el mandara edificar ao abeiro da Torre: “Que as dez fanegas de pan e o porco que dera para alumear e dicir cada sábado e todos os días de Nosa Señora unha misa, llas concedan a quen outorgue o señor de Maceda o título da capela. Que fagan un cáliz de prata bo. Tamén que vistan dez dos máis pobres do couto con saias e

capas. Que agasallen a todos os mozos e mozas da casa cun vestido”. Mesmo lle doa ao seu irmán pequeno Truilo de Nóvoa o seu cabalo. En 1536, o XVIIIº señor de Maceda estaba morto. Cumpriron a súa vontade derradeira, xa que logo foi soterrado a carón da súa dona na igrexa de San Pedro.

Chamoso Lamas (1979) estudou o arcosolio deste prolífico fidalgo emprazado no lado do Evanxeo, nunha gran arca sepulcral do último gótico. Enriba asenta pedra armeira dos Nóvoa [aguia, torre e león] no medio de dúas cartelas. O sartego de lánñez de Nóvoa amósase acubillado por un alfiz. Debaxo loce escudo coas armas dos Cadórniga [dous lobos e unha barca]. A figura xacente aparece cuberta coa armadura: “Descansa as mans sobre a espada e apoia os pés nun can lebreiro, mantendo o tipo funerario tradicional. Do lado esquerdo dos pés, un doncel sostén o casco nas súas mans. A cabeza descansa sobre tres almofadóns e apoia o rostro modelado con certa dureza esquemática que contrasta coa enérxica execución do resto da escultura. A figura destaca con rotundidade plástica pois denuncia o sentimento estético da nova época. Só o rostro conserva a sequidade representativa, propia do sentimento arcaizante medieval. Porén, o conxunto, de estilo severo, puro e vigoroso, respira nobreza e dignidade”.

BIBLIOGRAFÍA

- LICENCIADO MOLINA: (1550), *Descripción del Reino de Galicia*, Ed. de 1998, Fisterra E., A Coruña.
- PADRE FLÓREZ: (1747 e ss.), *España Sagrada*, 51 vol., Madrid.
- CHAMOSO LAMAS: (1979), *Escultura funeraria de Galicia*, Dep. Ourense.
- RIVAS QUINTAS, E.: (1985), *A Limia. Val da Antela e Val do Medo*, Dep. Ourense.
- R. COLMENERO, A.: (1991), *Relevo prerrománico na igrexa de Asadur*, Larouco, Ed. do Castro, Sada.
- DOG (1991), nº 134 do 15 de xullo, Xunta de Galicia, Compostela.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ O.: (2008), *Historia da muller. Mulleres ourensáns dos séculos XIV-XVIII*, Museo arqueolóxico provincial, Ourense.



AS CONSTRUCIÓNS ADXECTIVAS: OS MUIÑOS DE RÍO

Luis Del Campo

Muíño, muño, muín, é un complexo construtivo onde se conxugan arquitectura e a mecánica na que, aproveitando a forza motriz da auga, téñ a finalidade de moer o gran para a obtención de fariña.

Existen distintos tipos de muíños: de vento, de mareas, de batán, de man,...pero imos centrarnos nos muíños de río, ou regato que son os que temos no noso val.



A auga en Galicia tivo sempre grande importancia como medio de produción dado que a pluviosidade permite unha ampla rede hidrográfica. O muíño constitúe unha das construcións máis numerosas, Lucas Labrada, na súa obra *“Descripción Económica del Reino de Galicia”* (1805) censa un total de 8278 muíños.

Os muíños ademais da súa funcionalidade de esmagar o gran teñen outras vertentes etnográficas: a muíñeira, danza tradicional nacida arredor do muíño; refráns coma “Auga pasada non move muíño” “Se o

muíño non anda a maquia non gaña” “Unha noite no muíño...” cantiga popular;...

Os muíños eran as reboticas dos pobos, centro social, a onde -de troula e leria- acudían mozos e mozas nas longas noites de inverno. Xusto despois da guerra civil servían como lugar de refuxio dos maquis fuxidos xa que os muíñeiros moían de día e de noite.

A súa propiedade podía ser particular, de uso familiar ou para moer xente de fóra que pagaba en cartos ou en especie, a *maquia* podía ter un carácter comunitario onde cada membro dunha familia dispoñía dun tempo de moenda determinado chamándose a éste muíño de parceiras.

Os muíños recibían o nome dos seus propietarios, ou do tipo de pedra que moía. Así tiñamos muíños con sona como o da Ruana; o da Luz que foi adaptado para iluminar Molgas; o do Puentes; o muíño Albeiro con roda para moer trigo; o de Pirinote;...

Xa no Catastro do Marqués da Ensenada aparece unha relación dos muíños existentes

dentro dos pobos que conforman o Concello de Maceda ou Manzaneda de Limia, ata ben entrado o século XX.

ASADUR

En el lugar de Couzada una rueda de molino que muele con el agua del arroyo do Campo, otro en el arroyo de edreira, con cuia agua muele, y cada una de estas muele, seis meses al año, y en el arroyo de Azadur ai un molino arruinado en el Coto de Barreiros, ai otra rueda de molino y muele con el agua del arroyo de Ponte da Pedra, y todas ellas son harineras, y de piedras negras, y en este ultimo arroyo tiene un molino arruinado, y en el arroyo de San Miguel, ai otra rueda de molino harinera.

BUSTAVALLE

Tres molinos harineros de piedras negras, los dos de ellos, muelen con agua del arroyo de Mogo, seis meses, y le consideran de producto, a quatro fanegas de centeno y mijo por mitad, y el otro, de la jurisdicción de Junquera de Ambia, y se halla en el Atrio de Carreixal, y molerá tres meses al año cada Molino tiene una

sola rueda.

MANZANEDA DE LIMIA Y VILARELLOS

Diez y siete ruedas de molino arineros de piedra negras, las doce de ellas muelen con el agua del río maceda, estas doce ruedas tienen abundancia de agua para moler a la continua, y todas están corrientes y molientes, y regulan producirá a cada rueda a su dueño al año quatro fanegas de zenteno, y mixo por mittad que es de lo que muelen, y según la regulación hecha asciende el producto de cada una a noventa reales vellón, otras dos ruedas muelen con el agua del regato que llaman do sotto muelen, tres fanegas de centeno y mixo por mitad, y según dicha regulación asciende a settenta y siete reales y medio de vellón, y estas catorce ruedas se allan en la feligresía de San Pedro de Manzaneda, y las dos últimas por el tiempo que muelen tienen más abundancia de grano que las otras, y en el termino del lugar de vilarellas ay tres piedras de molino de piedras negreras, con el agua del regato de Reguengo, que las dos de ellas muelen seis meses del año, y la otra que se alla en el mismo arroyo es de (...) y en ella muele únicamente el pan que necesita para su casa, y la regulan de (...) anual esta razón una fanega de centeno, su importe veintte reales, por que este no percive maquila alguna

MONTEDERRAMO

En la feligresía de santisso hay dos molinos, uno es, esta al sitio llamado das mestras, es de una piedra negra, y muele ocho meses del año, y el molino restante esta al sitio que el de ... y es de la misma circunstancia, hay un molino, esta al sitio llamado tesso, es de una piedra negra, muele quatro meses con agua del arroyo de portas das ovellas, hay otro molino, esta al sitio y lugar de couzada, y muele tres meses del año, con agua de la fuente de currelos y paxela, la feligresía de esquadro ay cinco molinos, esta al sitio dapena sobrepuesta, dista de la población quatrocientos pasos, es de una piedra agua del río morledo, al qual regulan de utilidad doscientos cinquenta reales vellón al año, otro negra y muele todo el año, otro, esta al sitio de Ponte da varrera, dista de la población trescientos pasos, es de una piedra negra y muele seis meses de el año con agua del arroyo cachagudín, al qual regulan de utilidad ciento cinquenta reales vellón al año, otro de, que esta contiguo, al qual regulan de utilidad los mismos ciento cinquenta reales de vellón al año, otro esta al río llamado castro, dista de la población trescientos pasos, es de una piedra negra y muele con agua de dicho río, lo necesario para el gasto de la casa de su dueño, le regulan de utilidad cinquenta y cinco reales de vellón al año, y el molino restante, esta junto al antece-

dente y es de la misma circunstancia, al qual le regulan de utilidad quarenta reales vellón la año, en el coto de ginzo, ay cinco molinos, uno, esta al sitio do muiño vello, dista de la población cinquenta pasos, es de una piedra negra y muele seis meses de el año, con agua del río Castelo, al qual regulan de utilidad, ciento sesenta reales vellón al año, otro, esta al sitio que llaman o porto, dentro del lugar de ginzo, es de una piedra negra y muele ocho meses de el año con agua del río Castelo, al qual regulan de utilidad doscientos cinquenta reales vellón al año, otro esta en el sitio llamado do cantor, dista de la población sesenta pasos, es de una piedra negra y muele dos meses del año con agua de dicho río de Castelo, al qual regulan de utilidad, trescientos reales vellón al año, otro, esta en el sitio do muiño vello, dista de la población quarenta pasos, es de una piedra negra, y muele quatro meses al año con agua de dicho río Castelo, al qual regulan de utilidad, cien reales vellón al año y el molino restante esta al sitio del valadino, dista de la población treinta pasos, es de una piedra negra y muele quatro meses al año, con agua del mismo río, al que regulan de utilidad diez reales al año, en dicho coto de ginzo ay un Batan y trabaja con agua de dicho río do castelo, al qual regulan de utilidad setenta y siete reales de vellón al año, en atención a que solo se batana una tela llamada Buriel,

TIOIRA

Solamente ai cinco ruedas de molino con el agua del Río que se llama de Tioyra, y se junta con el Río arnoya, los quales estan corrientes y molientes, de estas por poca molienda que tienen le regulan de producto al año, quatro fanegas de centeno y de mijo por mitad, y en el mismo Río ai otra casa de Molino que tenía una rueda y se acabaron las piedras, ay otro molino de regato en el que se llama, de Cima de Vila y muele en cada un año, quatro meses por el hiberno, y le rredituara en cada un año, dos fanegas por estar más a mano que los otros de centeno y mijo por la mitad.

VILAR DE CÁS

Solamente tres ruedas de molino de piedra negreras, el uno de río, sito en el de Barjela y le rendirá en cada un año por lo poco que muele, quatro fanegas de zenteno y mijo por mitad, y las otras dos se hallan en el riachuelo que se llama Guinzo, y molerán cada uno de ellos seis meses al año,

ZORELLE E CALVELO

Solamente cinco molinos arineros de piedra negra y de maquila, que muelen con el agua del arroyo de Lamas y cada uno de ellos muele quatro meses al año, y le regulan de productto por dicho tiempo, tres fanegas de centeno y mijo grueso por mitad, que según la rregulación echas asciende

cada rueda a sesenta y siete reales y medio.

O muíño nace a carón dun río, regato ou arredor deles, pois ate cincocentos metros temos algún. A auga recóllese nunha presa ou mediante unha canal ⁽¹⁾ ou *caldeira*, lévase ate o *cubo* ⁽²⁾ por onde baixa ata a *sartén*. Na canal hai un aliviadeiro para regular o caudal da auga e unha *gradilla* ⁽³⁾ de pao ou ferro para que non pasen caxatos ou broza. A auga sae a presión pola pendente do cubo que se estreita no *billote* ⁽⁴⁾ e fai mover o *rodicio* ⁽⁵⁾. O rodicio está formado por culleres, sendo de madeira ou ferro que fan mover o resto dos elementos do muíño. O rodicio descansa na *porca* ou *mesa* ⁽⁶⁾ que é a viga que vai ao traveso por embaixo onde descansa o *aguillón* ou *grilo* ⁽⁷⁾ de forma apuntada onde xira outro aguillón ou ra, estes mecanismos poden ser de coiro, bronce ou ferro. A *vara* ou *regatón* ⁽⁸⁾ é o eixo vertical que




parte do rodicio, sendo de madeira na parte inferior e de ferro na superior. Este eixo sobe ao piso do muíño atravesando o *pé* ⁽⁹⁾ que se mantén sempre fixo e é de pedra, o mesmo que a *moa* ⁽¹⁰⁾ que xira encol do pé. As moas para o trigo ou centeo e chámanse albeiras e para o millo, pedras do país para que o eixo enganche na moa leva unha peza que se chama *segorella* que se introduce nela e xiran xuntas.

A auga entra no muíño cando abrimos o *pechadoiro* ⁽¹⁶⁾ unha comporta que pecha a saída do billote. O gran bótase na *moxeca* ⁽¹¹⁾ que tén unha *caneta* ⁽¹²⁾ que sae por riba do burato da moa. Ó poñer en funcionamento o muíño, o engranado -remate do eixo- que golpea nun saínte da caneta fai baixar o gran cara ao burato da moa ata entrar entre o pé e a moa. Polo movemento xiratorio entre o pé que está fixo vaise esmagando e saíndo a fariña para un caixón esbarando pola canal de madeira. A fariña vai quedando pegada ao caixón e a cascarilla vai esbarando cara ao outro lado do caixón.

Non facía falta que o muíño estivera no muíño, pois na *moxega* ⁽¹¹⁾ metíase a *alchofa* ⁽¹²⁾ cun cordel atado ao *pechadoiro* e cando o gran se acababa o *pecho de ferro* ⁽¹⁴⁾ ⁽¹⁵⁾ soltábase e baixábase o *pechadoiro* ⁽¹⁶⁾ pechando a auga e parándose o muíño.

O tempero da fariña para facela máis ou menos miúda



usábase o *volante* ⁽¹⁷⁾ que ía ata a mesa que separaba máis ou menos a moa da mesa.

Para que o muíño estivera en condicións de moer cumpría que a moa estivera ben picada e tamén o pé, se non queimárase a fariña co desgaste. Dependendo do que traballase o muíño repetiríase con máis ou menos frecuencia esta operación. Por todo isto o muíñeiro era ferreiro e candeiro ao mesmo tempo.

Outra das operacións consistía en cambiar o aguillón e plomalo para que contara de-reito e agarrándoo para nivelalo.

Con pequenas variantes éste era un dos funcionamentos básicos do muíño.

Unha das operacións máis complexas era primeiro levar o pé e a moa ata o muíño, dada a súa localización en lugares de moi difícil acceso e segundo a colocación das pedras, para isto usábase o burro, co que un

só home era capaz de mover e darlle volta á moa e ao pé para picalos ou cambialos.

Tamén hai que dicir que estes tipos de construcións complexas, funcionais e de dinamización económica no seu momento onde eran imprescindibles para a economía de subsistencia e para o comercio.

Non podemos esquecernos dun dos grandes e imprescindibles traballadores dos muíños que era o burro fariñeiro, que por mal carreiro levaba o gran e sacaba a fariña, moitas das veces, cando a moenda estaba feita e o muíñeiro o cargaba para que el só volviera





cara á casa.

Outras construcións son as presas de onde saen as canales para os muíños, e son, sen dúbida, outras das grandes obras de enxenería, pois se subimos esa parede uns centímetros o muíño que está río arriba, xa non moe.

Pero disto falaremos noutro artigo.

outros

muíños:



de marea



de man



de vento



de batán

CONSECUENCIAS DO TERREMOTO DE LISBOA (1755)

A.C. Aira das Mantas

Con este artigo queremos mostrar como se deu a noticia dun feito acaecido o 1 de novembro de 1755, o cal causou unha tremenda sensación aos habitantes debido a que a maioría da xente era totalmente inculta no que se refire aos tremores de terra, dado que a información da que dispoñían daquela en nada era comparable coa que nós temos hoxe en día, grazas a tantos e variados medios de comunicación dos que dispoñemos.

Referímonos ao *Terremoto de Lisboa*, de 9 graos na escala Richter; foi tan grande que se sentiu desde toda España, chegando mesmo a notarse en toda a costa

Atlántica, segundo relatan os documentos que existen sobre o devandito feito.

Foi tan espantoso, que o Rei deu unha orde a todos os Corrixidores das provincias, para que, relatasen e cuantificasen os danos que houbera. Por sorte en Galicia só houbo danos materiais nos edificios, como na Catedral de Tui, (o río Miño e o territorio que baña esta Xurisdición saíu do seu estado en cousa de dúas horas quedando despois no mesmo sen que se experimentara ruína).

Non correron a mesma sorte noutras rexións, en Andalucía houbo moitos mortos e os danos foron cuantiosos, morreron máis de 1.275

persoas, e houbo moitos desaparecidos. En Lisboa a destrución da cidade foi total, posteriormente produciuse un incendio devastador e o tremor de terra causou un ma-

remoto no Teixo. Os gravados da época causan pavor ao contemplar as xigantescas ondas que alcanzaron ata 20 metros de altura. Morreron entre 50.000 e 75.000 persoas.

Transcribimos, deseguido, as certificacións remitidas dos danos causados en Maceda, Coto de Bustavalle, Piuca, e Baños de Molgas.

(mantivemos a ortografía orixinal do documento)

Maceda,

9 de diciembre de 1755

Dn. Joseph Carnicero de la Vecilla, Alcaldemaior y Junta hordinaria en esta Jurisdicción de Maceda de Limia, Certifico que en el día primero del mes de Nobiembre de este presente año entre las nueve y diez de la mañana se experimento un gran temblor de tierra de forma que se bio mober el suelo, los edificios y templos, cuio temblor que según es notorio fue universal en esta jurisdicción y población, duro cosa de Diez minutos, pero según me allo informado no hubo ruina ni resulto perjuicio alguno en los vibientes ni edificios, ni antes se ha previsto ni reconocido señales que lo anunciasen, y para que consten doi la presente, estando en dicha jurisdicción a nueve de Diciembre, año de mil setecientos y cinquenta y cinco.



Erbeben bei Lissabon, 1. Novbr. 1755.

Joseph Carnicero de la Vecilla

Ante mi

Juan Antonio de Noboa y Losada

Coto de Bustavalle y Piuca,

6 de diciembre de 1755

Sebastian González, Juez Hordinario del Cotto de Busttavalle y Piuca, dando cumplimiento a la horden que recibí sobre el temblor de tierra el día primero del mes de noviembre próximo pasado de este presente, Zertifico a donde convenga haverse experimentado en los Lugares y (...) de este Cotto referido de Busttavalle y Piuca el expresado temblor de tierra el dicho día Primero de Noviembre Proximo pasado de este (...) Año a cossa de las nueve o diez de la mañana sin que huviese arruynado muro, Cassa ni edificio ni hubiese otro Acaso ni novedad y para que conste Doi la presente en dicho Cotto de Busttavalle a seis días del mes de Diciembre del año de mil settecientos cinquenta y cinco la qual no firmo por no saber por ante el escribano que de ello Da fee

Paso ante mi

Juan Antonio de Noboa

Baños de Molgas

9 de diciembre de 1755

D. Juan Niño de la Vega Corregidor y Justicia hordinaria de la Jurisdicción de Baños de molgas certifico de verdad en quanto puedo y devo en Donde conbenga como habiendo Recibido horden por el Caballero Regidor y Corregidor interino de la

Ciudad de Orense y su provincia ynserta en ella la de su Alteza el señor Governador del Consejo sobre el terremoto o terremotos que han sucedido en el día primero de Nobiembre pasado deste presente año despacho hijuelas a la Jurisdicción para que se juntasen en esta Villa los Vicarios cada uno con dos hombres los más expertos el día siete pasado de este presente mes y habiéndose Juntado y hechole saber dicha Horden quien enterados de ella Dixeron que en dicho día primero de noviembre por la mañana y cerca de las diez de ella hubo generalmente un temblor de tierra de Casa e yglesias que duro mui Corto tiempo y luego inmediatamente se sobresiguio otro que dura quasi más que medio quarto de hora que parecía se arruinaban los templos Cruces Casas y terrenos y después que cesó sin peligro solo si la gente amedrentada de verlos y en la misma noche de dicho día prosiguieron más pero no con tanta violencia y en las dos noches subsiguientes que unos los obserbaron y otros no por hallarse muchos recojidos ya en cama y para que conste en donde conbenga Doi la presente que Certifico y firmo de mi nombre por delante el presente escribano de nu-

mero que de ella da fee como también de que en esta Villa de Baños paró la vurga sin hechar agua alguna por el caño por espacio de dos o tres Cre-dos y después principio hecharla del color del acero con demasiada abundancia con dos porciones más que acostumbraba no solamente por el caño sino por el cuerpo del y no se volvió a su natural y color hasta el cabo de veinte y quatro horas que volvió a su natural en la forma en que antes estaba y el baño asimismo salía de su natural levantándose en olas como si fuera la mar quando esta embrabecida lo que ha causado a los abitadores de dicha Villa mucho terror y espanto y a otros que lo vieron así lo vuelvo a certificar estando en dicha Villa de Baños a nueve días del mes de diciembre año de millsetecientos cinquenta y cinco.

Juan Manuel Niño de la Vega Antemi.

Manuel González Fariñas



CREATIVIDADE CONTRA ABORRECEMENTO

Xosé López

Por un lado, ese espírito aventureiro e o contacto obrigado co mar que rodea a nosa terra galega e, por outro, o termos nacido e vivido no paraíso dos mil ríos e milleiros de regos, vai levar aos nosos nenos a emprender, por imitación, a construción de diferentes tipos de embarcacións. Así xurdían do seu maxín gamelas, dornas, botes, lanchas ou traíñas coma se dun taller de ribeira se tratase. Unha das materias primas máis empregadas para este feito eran os xuncos. Non podía ser doutro xeito nun país húmido como o noso, onde a chuvia é *arte* e fai agromar as xunqueiras polas beiriñas dos regueiros e prados de regadío.



Os nenos do interior de Galicia, cando ían co gando aos prados ou ao monte, buscaban moitas maneiras para entreterse e pasar ese tempo de coitado do gando do mellor xeito

posible. Semellaba que as horas corrían moito máis rápido se había algo en que enredar, aínda que tiveran que mirar de esguello para coidar de que ningún membro do rabaño se extraviase ou fose para a leira do veciño estragar a colleita desa sazón. Unha das múltiples formas de argallar era construíndo estas lanchiñas de xunco e botalas polos regos abaixo mirando con verdadeiro pracer como navegaban ou mesmo con afán competitivo.

O material que nos cómpre é doado de atopar, simplemente xuncos, espiñas (de silvas, pao de espiño, acacia brava, roseira, toxo...), follas de loureiro e navalla. Podíase realizar, principalmente, en prima-



vera e verán e había dúas variantes, a lancha de xunco propiamente dita, e o barco ou traíña, xa máis espectacular e rechamante.

Para facer a **lancha de xunco**, hai que arrincar un xunco enteiro, agarrándoo ben forte pola base, para que non rompa. Canto máis longo sexa, máis ampla será a plataforma da lancha.

A mellor época para realizar esta operación é a primavera, pois unha vez que espigan os xuncos, escachan con gran facilidade.

Cóllese o xunco pola base ou cu e dóbrase a uns sete centímetros, para facer o mastro ou pao da vela.

Deseguido vólvese a dobrar á mesma distancia e vaise envolvendo ao redor do mastro ata que se remate o xunco.

Ao acabar este proceso, préndese coas espiñas, mellor de pao de espiño, que son máis longas e seguras.

De non habelas, cravámoslle calquera das outras que teñamos a man. Metémoslle unha na proa, outra na popa e outras dúas, unha a babor e outra a estribor.

Pódese facer máis ancha a lancha se lle engadimos outro xunco ben amarrado coas espiñas.

Finalmente pónselle unha folia de loureiro atravesada polo mastro, que fará de vela. Colócase perpendicular ao mastro,

abríndolle dous buratiños separados para meter por eles o xunco que fai de pao de vela.

Este tipo de folia é máis resistente, pero de non as termos a man, vale calquera outra que nos sirva para simular unha vela.



Xa está a lancha lista para botar por un rego abaixo ou deixarse levar pola corrente dun lavadoiro.

Para facer a **traíña** ou **barco de xunco**, temos que apañar, do mesmo xeito, unha presada de xuncos. Collemos tres deles, ben igualadiños, e anoámoslos ben apertados nun extremo.

A seguir, facémoslles outro nó noutro extremo e á distancia que nós queiramos que teña o casco da traíña.

Cortamos coa navalla o sobrante dos extremos e collemos unha presa de xuncos e cortámoslos en pezas dunha cuarta ou 20 cm.

Apañamos outra presa e partímolos en anacos de 6 ou 8 cm.

Como xa temos todo o material preparado, podemos iniciar a construción do navío.

Collemos un anaco dunha cuarta, dobrámolo coa uña pola metade en forma de uve e introducímolo entre os tres xun-

cos iniciais, abrazando o do centro, que fará de quilla.

Quédanos así posta a primeira caderna (costela) do casco do barco.

A continuación, para suxeitar esta peza, collemos un xunco de 8 cm. e introducímolo acabalgado entre os tres xuncos, é dicir, por debaixo dos laterais e por riba do central.

Este xunco fai que se suxeite ao anterior en forma de uve. Continuamos este proceso ata chegar ao outro extremo da traíña, procurando que queden ben apertados para que non se desfaga a embarcación.

PODER ABSOLUTO. MAIS OUTRA SOCIEDADE É POSÍBEL

Francisco Carballo

Lembrádesvos do romance de John Baldacci “Poder Absoluto”? Baldacci é un novelista ocupado en desentrañar tramas escuras e conspiracións envoltas en conflitos. Diagnostica desde os proxectos de dirixentes, unha perspectiva diferente á do autor de “Gomorra”, o xornalista Saviano, que o fai desde as vísceras da Camorra. É que o tempo presente amosa dominación como nunca.

O acoso do “poder” aos cidadáns asombra. Que toda a riqueza acugulada nas arcas dos estados, grazas ás aportacións fiscais, sexa para a recuperación da banca e para subsidio das grandes empresas, que os “axustes” salariais recaian en todos, tamén en veciños que viven na pobreza, constitúe unha dominación cruel: a violencia do “poder absoluto”.

Como adveu tal situación? Non é casual; é o desenlace da longa andaina imperial, colonial, sibilosa, de países e de colectivos económicos e ideolóxicos.

Na primeira metade do século XX, ese século da violencia e da barbarie, segundo di E-Hosbawum, un dos pensadores coñecidos como “Escola de Frankfurt” que analizaron, críticamente, a violencia do poder que non só expolia senón que nos levou a dúas guerras mundiais (1914-1918 e 1939-1945), con millóns de mortos, á ditadura de Franco, ao “holocausto nazi”, aos campos siberiáns de Stalin, etc. Un “poder” que pretendía derivar da Ilustración ou, no caso do franquismo, da defensa da relixión. Un poder para o exterminio e a humillación.

H. Marcuse, un dos sucesores da devandita “Escola”, no seu libro “Eros e civilización”, 1953, intenta desentrañar os procesos de dominación e de liberación. Marcuse pensaba que os logros conseguidos polas culturas occidentais posibilitaban unha civilización non represiva.

X.R. Fdez. Barreiro, en páxinas do “Diccionario Enciclopédico do pensamento galego”, 2008, analiza o “absolutismo fronte ao liberalismo” na Galiza, así como o republicanismo. Di: “O ideario republicano era o do primeiro liberalismo máis radicalizado, claramente secularizado, e apostaba pola república como forma de Goberno, vendo que a Coroa era a forza que impedía o progreso e o desenvolvemento das liberdades públicas”.

Se botamos unha ollada á historia da “Terra de Maceda” vemos: “Desde a Idade Media ata hoxe aguantaron os veciños tempos de afogo e tempos de alivio. Experimentaron que o “poder é ambiguo”; como “auctoritas” quere animar, arrastrar, axudar, como “potestas” o mando é coerción, opresión. O poder é perigoso e o “poder absoluto” é un perigo mor-

tal.

M. de Foucault observa que o poder é coerción, pero produce de esguello subxectivación, é dicir, reaccións de concienciación, de autodefensa, de busca de saídas liberadoras. Ollemos, ao galope, cómo funcionou e cómo se comportaron os veciños de Maceda nos tempos idos.

MACEDA FEUDAL

Cando os “Novoa” recibiron o “señorío” dunha parte do actual Concello de Maceda, aquel agasallo real a cabaleiros concentrou, paso a paso, dominio económico e poder político en familias nobiliarias. Os Novoa levantaron o castelo. O poder feudal deses señores era exercido tamén por bispos e abades de mosteiros en zonas delegadas a eles. Tal poder feudal



era un poder disperso: os veciños da vila e dos lugares mantiñan fortes vínculos familiares e gremiais como escudos de defensa. Aquela

sociedade estaba formada por “xente do común” e por privilexiados -nobres e clero; os do común a traballaren, os privilexiados a recibiren dezmos e corveas.

Cansos de tal discriminación, no século XV, ergúéronse os “Irmandiños” que intentaban conseguir unha sociedade xusta, de respecto mutuo, inda que admitían desigualdades. Os Irmandiños asociaron a campesiños, artesáns e mercaderes e mesmo ao clero parroquial contra os abusos das nobrezas. Tiveron a capacidade de unir todo o Reino de Galicia na busca dun mellor convivir: “Deus fratresque Gallaeciae” era a súa lenda de loita. Un Deus de paz e unha fraternidade nunha Galiza como patria de liberdade.

Maxino aos campesiños e mercaderes desta terra no alto do Rodicio e de San Mamede cantando a liberación. Non foi un soño; foi un instante. Viñeron de Castela e de Portugal os nobres que fuxiran e traían mercenarios e pólvora. Houbo batallas e os Irmandiños perderon algunhas.

A situación foilles adversa. Foron valentes, deixaron testemuño de camaradería.

MACEDA MODERNA

No ano 1476 lograron o poder peninsular Fernando de Aragón e Isabel de Castela: reúnen reinos desde Galiza a Navarra, de Valencia a Cataluña. Conquistan Granada e apoian a C. Colón no descubrimento de América (1492). Os Novoa de Maceda colaboraron con estereis. Un Xoán Novoa -ou de Nova- emigrou a Portugal e deu

probos de gran talento descubriendo illas e participando cos portugueses nas relacións de poder



coa India.

Os séculos XVI-XVIII e a Idade Moderna, ven gobernos de “monarquías absolutas”. Di Fdez. Barreiro: “Onde hai monarquía é indispensable que exista a aristocracia e diversas xerarquías sociais... O clero é o outro soporte das monarquías, polo que atacar os seus dereitos económicos supón actuar en contra dos desigñios de Deus”.

Que lles aconteceu aos veciños de Maceda?

Máis movemento feiral na vila porque se movía máis diñeiro. Máis produción porque conseguiron novos cultivos: millo, pataca, tomates... No s. XVIII xa se constrúen vivendas de pedra, pois antes eran de madeira. Os veciños do común, con apelacións xudiciais e con revoltas antiseñoriais modifican algúns tributos, v.g. a *loitosa* (luctuosa) que daba ao “señor” o dereito a quedarse coa mellor peza de gando ou de moble á morte do xefe de cada casa. Esta práctica medieval foi modifi-

cada por unha cota única en diñeiro.

Os veciños de Maceda destacaron polo bo funcionamento dos concellos abertos de parroquias ou de lugares para arranxaren camiños, protexeren a pobres, realizan traballos comúns de carretos, searas, regas, etc.

Inda así, o país non foi capaz de alimentar dignamente aos novos veciños xurdidos do medre demográfico e aparece a “emigración”. Unha irá cara ás segas, outra cara ás cidades e, tamén a América. Teñeñ que saír do fogar ao descoñecido porque “aqueles poderes absolutos” reservan a escola, os cargos, a ciencia e non hai tecnoloxías que aumenten a produción. Os poderes foran obrigados a comportárense doutra maneira en Holanda e en Inglaterra, e alí apareceron sistemas de grande produtividade. En España non foi así; veu a decadencia, o atraso.

MACEDA CONTEMPORÁNEA

A aventura da monarquía hispana acabou en 1808, coas guerras napoleónicas.

Nelas participou toda a poboación galega e os Novoa deixáronse notar.

Unha Constitución, a de 1812, quixo establecer o sistema liberal e disolver os privilexios dos nobres e mais do clero. Tardouse, aínda ben tempo, na aplicación dese adiamento.

O s. XIX deu paso á industrialización e a un capitalismo de ciclos salvaxes uns e de rostro humano

outros. Maceda tivo desde mediados do século XVIII ata 1936 un



certo desenvolvemento económico e social. A época gloriosa das feiras, do 4 e do 20, foi a de primeiros do s. XX. Cando veu a república (1931), veu como moza a bailar a muiñeira: *“iámos entrar definitivamente na modernidade, era atreverse a pensar por nós mesmos, a responsabilizámonos do país, da familia, de nós mesmos. Comezou unha multiplicación de escolas e de acceso a estudos medios e universitarios de calquera...”*

Nisto un terremoto. Volven os do “poder absoluto” ata 1977. A articulación social dos campesiños e dos mercaderes foi eliminada polo “sindicalismo vertical”. A desfeita - mortos, exiliados, esfarelados económica e culturalmente - é coñecida. Xulio Prada en “Ourense 1936-1939”, e Anxo Collares en “Labregos no franquismo”, 2006, editaron eses libros para o noso coñecemento e reacción de conciencia.

Nos anos 1960, Maceda e toda Galiza quedaron baixo o poder do capitalismo antiagrario: emigración a Europa, creación de granxas fa-

miliares, industria de enclave, destrución de granxas familiares, ... 1960-2010, do devandito capitalismo ao neoliberalismo, da globalización financeira, consumismo, sociedade líquida, sen proxectos alternativos,..

Marcuse dicía que as conquistas das culturas occidentais ían posibilitaren unha civilización sen represión. Así o esperabamos nos anos 1950-1970. Xa no 1968, os estudantes en París e o maio francés, denunciaron a trampa capitalista. A decisión do goberno de EE.UU. liquida a base monetaria e dáa a hexemonía ao capital financeiro. É esta etapa mundial: a do poder absoluto do capital financeiro, a da hexemonía de EE.UU., a das contrahexemonías emergentes, uns tempos perigosos.

Que facemos?

Temos desde 1981 autonomía política; agás dous intres, gobernan conservadores do pasado tan pouco benévolo. Mellorou a Galiza urbana, desfaiuse a Galiza rural e mariñeira. Non se observa na sociedade occidental senso revolucionario. A reacción de hoxe ante as medidas europeas de axuste están a organizárense. Desalentámonos? Non. Hai camiños, hai horizontes para a esperanza.

De entrada: defender o medioambiente cun ecoloxismo serio e cósmico; esixir a soberanía alimentaria. Ánimo a estudar: co internet, temos acceso á cultura universal, millóns de libros á nosa disposición. Cómpre saber inglés, pero hai traducións automáticas para utilizar. A tecnoloxía actual que

modifica de raíz a capacidade produtiva: con poucas áreas podemos establecer hortas de produción intensiva, obradoiros, almacéns, etc. Un mundo que non sospeitaron os nosos antepasados.

O presidente de Uruguay, Mujica, comunicaba aos seus cidadáns: *“o coñecemento e o pensamento non son só unha actividade laboriosa son tamén un pracer”*. Iso é entender a realidade: a mesma actividade de decruar e se-



mentar son acción e lecer. Son dignas do máis sabio e do máis incauto. Todo está aí: tecnoloxías, ciencia, convicións...

Desde a Ilustración estannos a repetir: atrévete a pensar, responsabilízate. Desde a persoa e as palabras de Xesús de Nazaret, oímos: *“érguete e anda!”*. Podemos crear co creador outra sociedade e outra organización política. Todo, se eliminamos as armas, a violencia, a desigualdade, se facemos do poder só autoridade de animación e de colaboración, se optamos por unha democracia participativa e non por unha sixilosa dependencia do “poder absoluto”, ou sexa, do mal absoluto. Camiñemos costa arriba porque detrás do pico máis alto están a nacer “aves” libres en milleiros de niños.

ORIXE DAS FEIRAS EN MACEDA

A.C. Aira das Mantas



Conde de Maceda (ortografía original do documento)

Tiene la regalía de cobrar Asiento de la feria por lo que supone en ella que este presenta año se halla arrendada en Andrés Formoso vezino de esta Villa en la cantidad de mil nueve cientos y treinta reales vellón, y para esto tiene la obligación de hazer y componer las toldas que se hallan alrededor de la plaza para las tiendas y paños, dar bancos, pesos y medidas lo que le tiene de coste por quinquenio quarenta reales vellón.

Documento do 1800: *Las toldas de abajo donde se vende carne de cerdo. Toldas de arriba, el ganado (situadas onde está o actual tanatorio). Aira das Mantas, donde se vende lana.*

Documento do 1839: *Plazuela de los pulpos, se vendía pulpo y cogían el agua de la fuente del Alcatruz (esta praza estaba ubicada frente ó Alcatruz, onde posteriormente se edificou)*

No ano 1842 aparece no periódico "El GRATIS", de Madrid (*diario de avisos, noticias y conocimientos útiles*).

Ferias que se celebran en los pueblos de España: Maceda de Limia (Provincia de Orense) día 20 del mes. Con expresión de los artículos que son objeto de las compras, ventas y permutas: Ganado vacuno y de cerda, telas de lienzo, paños de diferentes clases, todo género de grano, avichuelas, pa-

A orixe da feira do 20 data do ano 1401, cando un privilexio real autorizou esta celebración no devandito día de cada mes, aínda que -na actualidade- se coincide en domingo se traslada ó sábado 19, pero ata hai ben poucos anos se celebraba o luns 21.

A actual feira do 4, que foi na súa orixe un mercado tradicional, é inamovible aínda que coincida en domingo.

Da importancia que tiveron as feiras queda constancia en moitos documentos antigos que deseguido se citan:

Asiento de las ferias 1752 El

tatas, carnes saladas, jabón, fierro y quincalla.

No ano 1850 alúdese ós mercados de todos os xoves en Maceda de Limia. Mercados actualmente desaparecidos. Esta mención aparece nunha guía de "forasteros en Madrid" que se conserva na Hemeroteca Nacional.

Documento do 27 de novembro de 1861. *Plaza de las ollas, los artesanos de Tioira venden sus productos al lado del ayuntamiento.* Pasados os anos, nesta praza vendían os seus produtos os artesáns de Niñodagua e os de Tioira pasaron para a Aira das Mantas.

No ano 1892 aparece unha reseña referente á feira de Maceda no periódico "LA VANGUARDIA", de Barcelona.

En 1909 xa dicía o escritor macedán D. Manuel Vidal Rodríguez no seu libro "*Don Porrazo o mi cubierto de plata*": (...) *Xa sabes quonosa feira de Maceda é das mais antigas e famosas da provincia, pois abundan en grans coma de Xinzo da Limia; en porcos, coma do Pinto; en bois e vacas, coma de Allariz, Ourense e Carballino e en vestas, coma do San Mateu ya de Monterroso; e sobre todo o pulpo que en ela se come e tan sustancioso, que solo polo comer hay moitos que ven a feira.*


As épocas de meirande esplendor corresponden á antigüidade indo en decadencia dende a metade do século pasado, onde aínda as feiras eran unha parte moi importante da economía do pobo e as súas aldeas, sendo moitas as familias que obtiñan nas feiras -senón a totalidade si- a maioría dos seus ingresos.

A feira celebrábase durante

todo o día. Achegábanse xentes de diferentes puntos da provincia, para facer os negocios, abastecerse do necesario para a quincena, comer o *polbo*, e enterarse do que pasaba no mundo, dado

tencia na meirande da parte da poboación.

As actuais feiras redúcense a postos ambulantes de froitas, verduras e mercadiño téxtil; a pre-



que as comunicacións non eran tan fluídas como na actualidade, e os medios tampouco estaban ó alcance de todos, porque era unha economía -máis ben- de subsis-

senza de gando é practicamente nula, por mor do abandono xeralizado do campo e a despoboación das aldeas e da mesma vila.

UNHA FEIRA EN MACEDA

José Antonio Rodríguez González (Nené)

Retrocedo no tempo; véxome un neno de oito anos. Hoxe é o 4 de xullo; feira en Maceda. Esperto ás 9 da mañán. Érgome, aséome e vou a almorzar ao forno da miña avoa Julia (*Roldana*); tomo café con leite e bolos de nata. Comentan no forno que vai bo día e que agardan unha boa feira.

Vou á palleira e vexo unha galiña con pitos recén saídos dos ovos, todos de cor amarela; algúns intres acóchanse entre as plumas da súa proxenitora. Vou á horta, hai unha plantación de patacas; as pólas están cheas de frores. É un bo ano de froita; hai moitas peras, mazás, cirolas, ameixas, pavías e figos.

Acércome ao muro que dá á rúa Aureliano Ferreiro; vexo a Manuel Parada (*Argentino*) pór a carteleira da película da sesión do serán na fachada do "Cine Gayoso".

Volto ao forno; está enforando meu tío Víctor, irmán da miña avoa. Mete ao forno pezas e libras.

Chegan ao patio as primeiras mulleres; unhas montadas en burros que atan alí no patio, outras a pé comentando que na entrada da vila estaban a cobrar o canon (*guía*) a aquela xente

que trouxera animais ou outros produtos á feira. Veñen coa súa touca e o pano na cabeza, todas enloitadas de enriba a abaixo.

Saio do forno e vou ata a



Praza das Toldas, onde o meu tío Félix tén un posto de venda de pan, onde hoxe está a cabina telefónica. Acompáño *Tarzán*, un can lobeiro que está tumbado no chan; o can lédase de verme, érguese, tócolle, e volve a tumbarse.

Entón, decido ir dar unha volta pola feira. Na mesma praza está a compra-venda de cereais (trigo, millo), tamén fabas de distintas cores e tamaños.

Entre máis compradores están Paulino Lage e Luciano de Xunqueira de Ambía que pesan todos os produtos en romanas.

Baixando ata a igrexa

están os postos de galos, galiñas e ovos; vexo a Carmen "*Pi-*



teira" de Ourense, casada cun macedán, Julio da Albertina e que non perden unha feira.

Debaixo das Toldas están as carnes de porco (touciños, xamóns, lacóns, manteiga e untos).

Subo ao Toural; na rúa Tetuán, hoxe rúa das Laxas, están as chivas, cabritos, ovelas e años, diante da "*Serra-*



dora". Sigo para arriba e xa estou no toural das bestas, hoxe Parque dos Cabaceiros", hai cabalos, burros e machos; a



carón seu, postos de venda de polbo.

Sinto falar moito a unha persoa, acércome é non é outro que "Mario das feiras" coa súa verborrea para enganar á xente. Está mesmo enfronte da casa de Dolores González, "Doloriñas".

Vou detrás do cuartel da Garda Civil, onde está o toural dos porcos; marralleiros e particulares mercan ou venden porcos de distintas razas (purreiros, celtas, larengos); están en departamentos con táboas que fan de cortello.

Xa estou no toural do gando vacún (vacas, becerros e bois); hai vacas de distintas razas (caldelá, limiá e vianesa); os tratantes camiñan entre os animais cos seus gardapós, con callados na man e as tesoiras no peto, en fundas de coiro, para marcar o gando que mercan.

É un ir e vir de xente atarefada en mercar provisións para unha tempada, nas ferreterías,

tendas, peixerías, froiterías, comercios de roupa e calzado, mercerías e ir ao ferreiro ou as farmacias.

A xente merca o polbo e diríxense ás casas de comida onde lle serven despois o que queiran, (costeletas, bistés, callos, carne asada, carne ao caldeiro -entre outras cousas- e mais o



pan e o viño.

Baixo do Toural e vou ata a Aira das Mantas, onde as mulleres de Tioira venden olas, que están colocadas no chan; un pouco máis arriba está o Bazar da Señora Herminia que vende sobor de todo vaixelas.

Vou ao Alcatruz, onde Manzano e Aquilino teñen os seus postos de venda de queixo.

Hai tanta xente que onde queira que vaias está todo ategado, xa nos cafés e bares (Fina, Casino, Rufas, José Prol, Adelino, Central, Estanco, Manueliña, Julio, Delmiro e Isaura, Bernardo -*Maruja da Esquina*-), xa nas ferreterías (Manuela -*Cacharulos*-, Pedro Pascual, Agustín Rey), xa nos comercios (Pedro Requejo, Ramos, José Vila -*Garillas*-, Almacenes Santos, Lagarto, Tejidos Cid, Josefa da gasolineira e Porto Quintela), e tamén nos comercios de cal-

zado (Pablito e os Chés).

A xente aproveita tamén a feira para ir ao xastre (Matias Vidal, José Luís Vidal -*Coquis*-, Jesús e o seu fillo David e José -*Sacristán*-).

Outros van á barbería de Demetrio e o seu fillo Antonio -*Barbón*-, Arístides e Ataúlfo e as mulleres á perruquería do Darío.

Perante todo o día, a tenda de Manuel González -*Xabardas*-, está ategada. Axúdanlle a súa muller e os seus fillos.

A tenda de Juanita Quintas tamén está chea de xente. Axúdalle a súa filla.

Pasa o mesmo nas tendas de María Súa, Generosa, Anibal Otero, Antonio Quintas -*Tona*-, Faustino, Manuela de Angelito,



Nieves das Canteiras e César Vidal -*Fanico*-.

Na fonda do David non paran de servir comidas. Como de costume, o día anterior as súas fillas, Concha ou Adelina, xa foran á carnicería a mercar bandullo e patas de becerro para facer os callos.

O mesmo trasego na Estrella e nas Ferreiras.



Acode moita xente á fraga de Facundo e seu fillo Santiago Prol para mercar ou encargar aveños de labranza.

Tamén a zapatería de Serafín Garrido –*Querubín*- a quen lle axudan aprendices, entre eles Manuel Lorenzo –*Currucho*- e Antonio Dalama –*Pilís*- que despois montaron a zapatería de seu.

Os albardeiros Ramón Blanco co seu fillo Jesús –*Turra*-, Adolfo Cid e seu fillo Adolfo –*Fofó*-, Alfonso Blanco –*Fonso*- e Antonio Dopazo –*Godoy*- teñen tarefa. Todos expoñen na beirarrúa os seus traballos (albardas, collaróns, atafais, mulidas, cabezadas, carrancas, etc.)

Outra xente vai á carnicería de Gregorio e Camila –*Pajarillos*-, Selme, Jaime Lage, Pedro carnicero e o seu fillo Quico, e José Barrera; éste na súa especialidade en cabritos e años.

Outros aproveitan para levar os animais a ferrar no baixo da casa de Fernando Gonzáles –*Fernandiño*-.

Dou outra volta e vou á rúa actualmente denominada Xoao de Nóvoa onde os zapateiros de Allariz teñen os seus postos de

venda de calzado (botas de pel de becerro e chancas).

Ando un pouco máis; diante do Concello hai postos de



venda de peles curtidas, temoeiros para atar as vacas aos xugos e outros artigos, todos en coiro.

Nos fornos de Julia Rubio, Nieves, Justo, Osorio, Valentín –*Canaso*-, Delfín, Castellano, Ricardito e Gregorio Suárez cocen máis pan que un día normal, pois hai máis compradores deste artigo.

Outra xente vai á relojería



de Dámazo Delgado para mercar algún reloxo ou para arranxar. O mesmo na relojería do seu fillo Ramón –*Fica*-.

Na beirarrúa, a carón da casa de comidas de Albertina, téñen o seu posto de relojería Pedro de Rioseco.

Na praza denominada na actualidade de Benigno Álvarez, está o rianxo. Hai moitos postos de venda de verduras, froita, cebolas, allos e pementos; a maioría das vendedoras son de Stª Mariña do Monte, o Cumial e Seixalvo.

Vou ao Rouso e entro na fábrica de chocolate da familia Sampayo: Abelardo e o seu irmán Ricardo –*Cheque*- están traballando. Chega a súa nai, a señora Hermitas e doulle un par de bicos; agasállanme cun anaco de chocolate que como deseguido.

Na rúa Aureliano Ferreiro e no Rouso están aparcados os autocares, (Seara, Quintas, Los Americanos, Villalón, Purrela da Rúa, Muñoz, Mangana, Victorino Limia, Gavilanes e Empresa Guerra de Verín), agardando á xente para levala aos seus lugares de orixe.

A media tarde, ducias de mozos e mozas percorren a rúa Aureliano Ferreiro agardando para ir ao baile de Manuel Quintas –*Chispún*-; tocan sempre Claudio –*Cuco de Velle*- e os seus compañeiros de grupo.

Rematan sempre o baile con esta canción: “*Si vas á festa de Velle, non virás aburrido, comerás castañas asadas e leite fervido, e run, e run, e run, e rúncalle o curazón, e rúncalle o curazón*”.

Remata a feira moi tarde; os máis rezagados aínda quedan por bares e cafés, apurando as derradeiras tazas de viño ou

TESTEMUÑO DUN CARRILANO

Ramón Villar Prol

“...o éxito é unha cousa bastante fea. O seu falso parecido co mérito engana aos homes”.

Victor Hugo




Fernando Prol

A Cerradiña non era máis que monte con algunhas casas espalladas, os barracóns dos traballadores do Túnel 6 e a vía do tren, que comezaba en Sanabria e pretendía chegar a Ourense atravesando a intransixente xeografía galega. Nin sequera aquel illamento impedira que o medo se apoderase de todos naquel verán do ano 1936. O rumor de que viñan os militares empuxou a todos a fuxir e a refuxiárense entre as árbores, lonxe das vivendas. O terror pola guerra, que tantas vidas levaría durante os anos seguintes, foise disipando a medida que a noite se transformaba en día coa luz do amencer.

O meu avó tiña daquela once anos. O seu pai agarrouno da man e regresaron co resto da xente buscando que a rutina diaria lles arrancase da alma aquel pánico enordecedor. Alá pola tardiña, cando xa algún que outro se atrevía a rir, foi cando apareceron cerca da boca do túnel uns corenta soldados armados con cadanseu fusil. Un deles berrou: *“Que se resgarde toda a xente de ben! Dos demais xa nos encargamos nós!”*. Nese intre, o

mesmo militar de peito inchado e rostro de asasino sinalou cara unha touza. Todos entenderon sen necesidade de palabras. Os fusís foron descargados. Aquel foi o día que a Guerra Civil pasou polo Túnel 6.

Algúns anos antes, no 1925 para ser exactos, nacera en Penouzos o meu avó Fernando. O seu pai, Facundo, xa traballara para o mesmo contratista en Soria, así que no ano 1927, cando se puxo en marcha o tramo de Sanabria a Ourense, foi cando construíu coas súas propias mans unha pequena casa na Cerradiña, cerca de Correchoso. Unhas paredes de pedra e un tellado de zinc recuberto de palla, para protexelos do frío no inverno e



da calor no verán, ía ser o fogar que terían durante aquel período de duro traballo. Sen embargo, aínda que para os que

nacemos nunha época na que as crises non nos privan de saír tomar unha cervexa cos amigos, é difícil de entender que dentro daquel contexto de miseria a familia dos que anos despois se coñecerían en Maceda como “Os Facundos” non era das que máis dificultades pasaron.




Ata os nove anos criouse cos avós, e en 1934 foi vivir cos pais na casiña de pedra. Aínda era moi novo para comezar a traballar no túnel, así que continuou indo á escola de Prado ata o 1938. Na década dos oitenta e noventa, do século pasado, levaría moitas veces aos seus netos ao colexio no seu vello Mercedes, pero cando el era un cativo iso era algo co que nin sequera podía soñar. Levantábase pola mañá cedo, antes de saír o sol, e camiñaba ata Prado atravesando o monte para chegar antes. Por unha das ladeiras polas que pasaba o camiño descendía un regato que durante os meses de inverno nunca alcanzaba o fondo. No alto víase fluír libremente a auga, pero esta transformábase en xeo antes de que puidese obstaculizar o percorrido que facía diariamente. Non sei se realmente os inver-

nos serían máis fríos que hoxe en día, pero a escasa roupa de abrigo e as longas distancias a pé deixaron ese xélido recordo na súa mente.

O seu pai era o encargado de facer os pedidos de material e de xestionar certos pormenores da obra. De feito, fora iniciativa súa a de meter luz eléctrica ao longo do túnel, evitando deste xeito as incomodidades de levar sempre un candil na man. Non tivo que pasar as penurias dos centos de homes que tiñan que picar a pedra durante as duras xornadas, pero o seu cargo obrigáballo a entrar, continuamente, ata onde se realizaban os traballos. O mal da vía tamén o condenaría a el. Aínda viviu en Maceda durante algunha década máis, pero a silicose apoderárase del sen remedio, levándoo uns cantos anos despois. Para o meu avó as cousas foran distintas. Comezou de pinche, pero as súas habilidades permitíronlle que a pesares da súa curta idade pasase a traballar como ferreiro. O seu labor consistía basicamente en apuntalar as barrenas e levar o mantemento das máquinas. Grazas a iso sempre se mantivo lonxe daquel po mortífero.

Comezara gañando 3 pesetas ao día, mentres que o seu pai xa gañaba 10. Para que o lector se faga unha idea, vivir nunha pensión supuña un gasto dunhas dúas pesetas e media diarias. En palabras do meu avó “*Para facer un capital non, pero para comer aínda*

íamos gañando”. Isto era algo que naquela época se podía considerar un auténtico privilexio. A vida a carón do Túnel 6 era moi sinxela. A maior parte da xente eran traballadores que durmían en barracóns ao lado da vía, ou que viñan camiñando dende lugares veciños. Había unha pequena taberna, propiedade dunha familia de Cortegada, na que os homes se podían xuntar para tomar un viño e xogar unhas cartas. Meu avó, fóra do horario de traballo tamén tiña que axudar na casa, pois xa algún dos seus irmáns pequenos viñera ao mundo. Cando tiña tempo para el, o seu mellor enredo era facer pequenos traballiños en madeira coa navalla. Pasear por aquelas paraxes naturais, a diferenza do que podería ser hoxe, estaba lonxe do concepto de lecer, era algo funcional, pois non había outro medio de transporte. Moitas fins de semana, cando quería visitar aos seus avós, tiña que camiñar vinte quilómetros ata chegar a Penouzos, a aldea que o vira nacer.



As obras do túnel déranse por rematadas no 1940. Por sorte, un ano despois comezá-

rarse a construír a estrada que unía a estación do tren con Prado, así que seguiría traba-



Fernando (16 anos) co seu pai e os seus irmáns.

llando ata o 1944. Nasas mesmas datas ofrecéranlle ir aos talleres da empresa construtora, pero o seu pai xa decidira instalarse en Maceda. Non lle pediran vir, pero a súa conciencia dicíalle que o seu rol debía estar cerca dos seus. Así que aquel mesmo ano a familia dos "Facundos" comezou unha nova etapa da súa historia poñendo unha pequena forxa no canellón que baixa ao lado da casa do Cid, na rúa Aureliano

Ferreiro. Antes de converterse en mecánico e criar oito fillos, aínda deu algunhas voltas por aí adiante. Estivo a traballar no País Vasco, e tamén en A Coruña. Alí foi onde se coñecerían el e mais a miña avoa, que traballaba de criada para unha familia de boa posición. En 1951 casaron e instaláronse definitivamente en Maceda. E como di el, "*as cousas continuaron coma sempre, limpando a fronte para gañar a vida*".

50 ANIVERSARIO DE LA CONEXION FERROVIARIA ENTRE LA PROVINCIA Y GALICIA

La historia de la conexión ferroviaria entre Zamora y Galicia es la crónica de un continuo aplazamiento que, cincuenta años más tarde, parece querer repetir capítulo con la construcción del nuevo AVE. Entonces,

como ahora, los debates, las polémicas y los plazos se dilataban por el difícil trazado geográfico entre Sanabria y Orense y por la escasa rentabilidad de una línea que atraviesa una zona de las más despobladas y menos de-

sarrolladas económicamente de todo el país. La construcción de la magna obra de ingeniería a lo largo de treinta largos y convulsos años supuso, sin embargo, una revolución social y económica sin precedentes para unas

tierras que ya nunca quisieron ser las mismas desde que, por sus caminos, vieron llegar a los carrilanos encargados de abrir paso entre las montañas, con sus propias manos, al gigante de hierro que encarnaba el progreso.

La historia interminable

La construcción de la línea entre Zamora y La Coruña fue planificada para cinco años, pero tardaron 30 en concluirirla, una circunstancia que amenaza con repetirse con el AVE

Marisol López

Cada dos kilómetros de los 453 que separan las estaciones de Zamora y La Coruña se abre un túnel que atraviesa las montañas de la frontera entre la provincia y Galicia, entre ellos el de Padomele, el más largo de toda la península hasta que fue construido el del Guadarrama para el AVE. Hasta 15.000 hombres hurgaron en las entrañas de aquella tierra para abrirle camino al ferrocarril. Habían llegado con las manos vacías en busca de unas migajas de la riqueza que extendía aquel invento prodigioso que discurría entre los raudales de hierro. Regresaron, los que lo hicieron, con los pulmones dese-



FOTOGRAFIA DEL DOCUMENTAL "CARRILANOS" DE RAFAEL GÓZ
Obreros sacan escombros de uno de los túneles de la línea férrea

abril de 1943. El de Zamora-Puebla se abrió el 24 de septiembre de 1953 y media 107 kilómetros. Los 140 kilómetros hasta Orense no se pusieron en marcha hasta el 1 de julio de 1957 y el último tramo, entre Orense y Santiago, de 120 kilómetros, no entró en servicio hasta el 8 de septiembre de 1958. «Entonces no había maquinaria, todo el trabajo era de mano de obra. Llegaron a estar contratados hasta 15.000 hombres en los momentos de mayor trabajo, a través de diversas contratas y sub-contratas. Aquello fue una revolución económica y social, pasajera,

no de la República, instaurado tras la dictadura de Primo de Rivera, decide recortar las inversiones y paralizar las obras. Ello dio lugar a enormes revueltas que se saldaron con la muerte de un joven estudiante en Orense. La fortaleza del movimiento obrero y la brutalidad de las protestas hacía que los carrilanos no siempre estuviesen bien vistos por parte de los habitantes de los valles e incluso fueran temidos. El término, derivado de la carreta en que estos nómadas del siglo XX solían llevar sus escasas pertenencias, era usado de un modo peyorativo e incluso se empleaba la frase «Que vienen los de las vías» para anun-

La construcción

MACEDA, ESE ANACO DO ESCENARIO MUNDIAL

Delfín Martínez Conde

O mundo é un escenario no que improvisar e soñar a nosa propia vida.

Carla Capeáns

Sabes o triste que tén que ser nacer nunha grande cidade e ser un número máis? Mentres que en Maceda, en Molgas, en Allariz ou en Foncuberta non es un número máis: es o fillo de Fulano, o neto de Mengano; es alguén máis, e iso paréceme moi importante.

Moncho Borrajo

A vida, definíronma nos meus estudos de Dereito -este mesmo ano- falándome de cordóns umbilicais e de funcións encefálicas e cardiovasculares, podendo facerlle crer ao transcriptor de apuntamentos, mesmamente, que analizado a través dese prisma se trata dunha realidade de doada comprensión. Mais a evidencia axiña lle dá ao estudante uns leves golpes nas costas, faino mirar para atrás e entón é cando olla a infinita sucesión de filósofos e pensadores, escritores e músicos, mariñeiros, pais e nais de familia, nenos e maiores que se esforzaron por estudar e investigar arredor dese concepto tan amplo como indeterminado, ubicado xa cara ás derradeiras páxinas do dicionario.

Tal é esta situación que loitar na reiteración de derramar tinta virando sobre ese termo coa finalidade de esbozar algo innovador por parte dun galego calquera que non é máis ca un “amigo dos seus amigos e fillo dos seus pais” devén xa non en complexo senón nunha ridícula tentativa.

Por esa razón, gustaría de facer miñas, pero eu non faltando á verdade -como el fixo van alá máis de vinte e cinco anos- as verbas do dorso daquela “*Paisaxe de Verde*

Chuvia” do noso Moncho Caride: “Se non digo nada novo abondará tentar ser sincero, pór ao menos un chisco de ilusión na tinta”. E desta volta a ilusión que preciso furteilla a quen dende ben pequeno me acolleu; furteilla a un río e a unha ribeira, tamén a un “xigante durmido”. Esta forza que me fai reflectir as miñas modestas palabras acapareina como un maleducado sen pedir permiso da man dun mítico albardeiro, dun encantador ferraxeiro, dun característico boticario e dos longos e divertidos almozos que me permitiu un céntrico establecemento de hostalaría.

A paisaxe natural e humana fixo que a traxectoria vital do que era un meniño estudante de quinto de primaria se fora forxando polo contexto circundante que facía o seu traballo como mellor se podía executar: co mesmo agarimo co que os alfareiros de Niñodaguaia moldean o barro; barro que antes do seu traballo non deixa de ser un anaco de materia inorgánica deforme e insignificante.

E así foi como, paseniñamente, sen ningún tipo de imposición, o “San Mamede” me obrigou a continuar cos meus estudos nun dos cumios xeográficos da vila; moi pretiño de onde din que estivo “O Sabio”. E é que esa é unha das posesións que eu lle co-

mecei furtando a esta nosa Maceda: o instituto.



Abofé que non o inaugurei eu e cando, por aquel setembro do 2001, andaba preocupado procurando nas verdes balaustradas do edificio as listaxes de alumnos para saber que grupo e que número tiña asignado no que era o ansiado e -á vez- temido primeiro curso da educación secundaria obrigatoria, xa varias xeracións de mozos e mozas medraran pasando non poucas horas ao día entre os recursos materiais e humanos que o Estado do Benestar nos proporciona a través dun como tantos centros públicos do país.

Non. Iso non é certo. Non é un como tantos. O IES “San Mamede” de Maceda é a ponte que une a quen senta nas súas cadeiras con Castelao e con Newton; co galeguismo e coa literatura; co amor pola precisión e beleza das matemáticas do bacha-

relato e pola sorprendente historia da nosa terra.

Conservo no meu armario dos recordos aquel caderniño verde que empregaba no primeiro curso para a materia de Lingua Galega e Literatura: nel podo constatar como o primixenio traballo que fixen arredor dun libro de ficción na ESO foi do inaugural das aventuras de Said e Sheila; sigo remexendo por ese meu particular arquivo histórico e vexo o autógrafa que teño de Xurxo Souto, a presentación que preparara para Miguel Anxo Fernández, as fotos da conferencia que nos veu dar Xoán Babarro ou, por pór outro exemplo



non máis nin menos significativo que os anteriores, os bosquexos da entrevista que tiveron o pracer de facerlle a quen, dende ben atrás, xa era o meu ídolo artístico: o cantautor Xil Ríos (o “Esparaván” do “San Mamede”, a súa particular revista, permitíume a súa publicación -de igual modo que un curso antes me concedera facer outro tanto co creador dos máis famosos rapaces ecoloxistas do futuro).

E lembro, sobre todo, as conversacións entre clase e clase con certos filólogos e filólogas amañando o mundo nos corredores, os medos que, pola confianza que non podía

negamos, lle fixemos pasar a quen nos explicou por vez primeira qué era un átomo e unha molécula; e, se de macedáns temos que falar, as agarimosas e graciosas anécdotas dun veciño de quen gardo un moi grato recordo explicándome as Ciencias Sociais; a admirada seriedade e rigor coa que estudei Matemáticas os dous primeiros anos; os consellos de quen despois nos sorprendería noutros eidos máis institucionais, e que en primeiro da ESO nos fixo soñar con “Manolito Gafotas”;... (se os puntos suspensivos fosen proporcionais ao que representan non me chegaría a extensión do artigo para incluílos; desta volta o que simboliza este signo ortográfico é tanto ou máis importante que o apuntado expresamente -que conste en acta!-).

Polos devires do destino, a traxectoria entre o núcleo central da vila e o centro de ensinanza atópase interrompida por un edificio que se rotula co nome de “Francisco Carballo”.

O depósito de libros custodiado polo insigne rótulo deste noso senlleiro historiador, quen non pode ser mellor custodiador dese lugar estático e á vez tan dinámico, non é máis que a biblioteca municipal de Maceda; ese recuncho no que, máis ca en ningunha outra estadia da nosa vila, un pode afastarse das cordenadas espazo-temporais que lle tocaron en sorte e fuxir cara ás alucinacións que comparte connosco Lovecraft ou, se mellor o consideramos, ás reflexións do recentemente despedido Saraguro.

Nesa infraestrutura con vida propia o visitante contáxiase da historia da nosa terra ou mesmo, ¿por que non?, das máis elementais propiedades

des dos alcalinotérreos da táboa periódica. Pero iso non é o máis importante.

Alguén dubida que o máis importante de Maceda non é Maceda senón os macedáns (por nacemento e por adopción)? Esta premisa materialízase claramente no persoal da nosa Biblioteca que, non en poucas ocasións, foi cómplice con quen escribe da vulneración da regra do máis escrupuloso silencio, obriga sacrosanta nun lugar das características do que nos ocupa.

Coas palabras pódese amañar o mundo, incluso o pasado, e soñar o futuro. Non sería en exceso descarreirado afirmar que o diálogo é a principal arma que nos identifica e coa que nos sentimos plenamente realizados. Aínda correndo o risco de que o lector destas liñas me atribúa un trastorno da personalidade, atrevome a apuntar que o diálogo interior cun mesmo é o eixe central sobre o que xira a nosa vida e o alicerce no que se asentana a sumatoriedade da actuacións que exteriorizamos -e que omitimos en contra ou a favor da corrente- no mundo que nos rodea.

Concretamente, a Real Academia asígnalle no diccionario á entrada



“bibliotecario-a” o seguinte significado: “Persoa que téñe o seu cargo o coitado e conservación dunha biblio-

teca”.

Enfiando esta inmediatamente previa puntualización coa reflexión que veño arrastrando dende liñas atrás podería parecer evidente culminar resaltando que a frialdade e a formalidade da conceptualización académica transposta non abarca como debera o carácter oceanicamente reflexivo (respecto daquilo sobre o que se pode reflexionar), soñador (con relación ao que se pode/debe soñar), colaborador (por referencia á solidariedade e axuda) e etcétera (por non aburrir ao esforzado lector cunha listaxe máis ca evidente) do persoal humano ao servizo da biblioteca de Maceda. Pois, neste caso, vou dicir todo o contrario: sintetiza todo o dito na verba “Persoa” escrita,



así, con letras maiúsculas.

A sabedoría, incluso a socrática que nos axuda a recoñecer a propia ignorancia, veu da man de homes e mulleres con compromiso e con dedicación dos que éste que lles fala se aproveitou escandalosamente. Veu da man das arquitecturas mentais sen planos deseñados que xurdiron entre libros e andeis ou da beleza do Teorema matemático de Lagrange nalgunhas mañás, en sesións de cincuenta minutos.

A máis burlona das risas sería a reacción natural de calquera persoa se este relato finase aquí. E por iso non vou premer aínda a tecla do

punto e final.

E é que Maceda é moito máis ca un instituto e unha biblioteca. Maceda é un home sachando con forza e ilusión na súa minifundista leira de patacas dialogando cun dos máis importantes produtores ovinos do noso país; Manzaneda de Limia é un nome baixo o que están representados Joao da Nova, Benigno Álvarez ou Xosé Lois Parente (recoméndolles encarecidamente a bibliografía de Santiago Prol), pero tamén o están aquel rapaz que de pequeno xa soñaba con adicarse á política (dándonos exemplos de que comprometerse con certas causas fai que non caiamos no perigo no que redundan os “indiferentes”).

Pódolles falar do veciño que cada alborada cando aínda non con excesiva claridade se perciben as primeiras raiolas escomenza o seu paseo matutino, da “pesada” amiga que cada intre que te ve che pregunta polos estudos e -de cando en vez- pola túa vida privada, do libreiro co que compartes anécdotas cando vas mercar o xormal e a xeada aínda parece que cala nos teus ósos.

Maceda é a rúa do Medio cos seus máxicos recunchos. Maceda é unha Coral que nos fixo soñar ao son da súa “Morriña” e unha Banda de Gaitas da que nos sentimos orgullosos. *Maceda somos nós: a xente e máis a fala. Se buscas a Maceda en ti téis que atopala* (agardo que me excuse o poeta nacional).

Maceda é un anaco dese escenario que é o mundo, tal e como moi ilustrativamente o define a actriz de Ames Carla Capeáns. Nel imos soñando e improvisando a nosa propia vida. Pero a ningún se nos escapa

que se os compañeiros de reparto da obra lle poñen moita ilusión e entusiasmo á súa execución e se os directores e directoras que van guiando os teus pasos son realmente expertos naquilo no que verten a súa sabedoría, as representacións que se poden observar sobre o devandito escenario non lle terán nada que envexar ás que parira o maxín do mellor dramaturgo.

E iso, amable lector que tivo paciencia de chegar ata este punto da exposición, é o que ocorre en Maceda onde todos nós somos “o fillo de Fulano ou o neto de Mengano”.

Non son orixinal nin tampouco ilimitado, seino de sobra. Intentei, simplemente, pór un chisco de ilusión na tinta.

Este fillo de Fulano ou Zutana (como mellor me coñezan) non é máis ca un incipiente actor que foi forxando a súa arte cos distintos directores da súa obra vital: soñando na “Francisco Carballo” e sorprendéndose no “San Mamede”.

Como dicimos en Dereito tantas e tantas veces, estas liñas non conteñen máis ca unha listaxe “ad exemplum” ou simbólica pois os mestres deste novato actor da obra da vida que lles fala foron, sen dúbida, aqueles que están detrás da biblioteca e do instituto,..., e dos eidos de millo, e dos paseos á beira do río,..., e dos ensaios de Santi Prol e dos artigos do anterior número do “Alcatruz”.

E alén de todo: saben o máis curioso?:

Eu non son macedán máis ca por adopción!

Como lles quedou o corpo?

NO VAL DE MACEDA

(Parroquia a parroquia)

SANTIAGO DA COSTA

Ramón Sarmiento

A Costa, como se acostuma a denominar agora a este núcleo poboacional, é unha paraxe extremadamente fermosa, un balcón pendurado nas ladeiras do monte desde o que se divisa case todo o val de Maceda.



Historicamente, pouco se sabe de *Santiago Da Costa*. Nos documentos medievais do mosteiro de *Asadur* (s.X) aparece xa o topónimo "a costa". Pero tratábase dunha denominación que abrangue tódalas ladeiras do Rodicio, porque por todas elas extendía a súa influencia e dominio o citado mosteiro xa desaparecido. Os dous topónimos que hoxe perduran de *Santiago da Costa* ou de *Xinzo Da Costa* parecen ser posteriores a aquela denominación e son núcleos poboacionais que aparecen vencellados moi pronto ao Mosteiro Cisterciense de Montederramo.

Ata finais da Idade Media, nos documentos, a denominación de "A Costa" está relacionada coas terras de *Asadur*. Por exemplo, no ano 1286 dise que Fernán Pérez era o notario

xurado na *Costa de Sadur*. E hai que esperar ata o ano 1493 para atopar unha referencia de A Costa actual que, polo demais, era coñecida como "*Santiago da Vrea da Costa*". Polo tanto existía "A Costa", topónimo determinado pola referencia de *Sadur* e unha *Vrea da Costa*. E esta, polo que imos sabendo, puido estar relacionada coa *vía nova* que, sen dúbida, pasou preto de *Couzada*,



polos límites norteños desta freguesía nada baixo a advocación de Santiago Apóstolo ao que desde finais do século XIV, por acción da Orde Militar de Santiago, estivo pagando o denominado *voto de Santiago*, renda eclesiástica semellante á das *primicias*, consistente no pago anual dunha medida de

pan, diferente segundo as zonas, e outra de viño (se se producía) por parte dos agricultores para o sustento do culto ao apóstolo Santiago e do clero da súa catedral.

Primeiro, a *vía nova* e, despois a *vrea da costa* deron pulo e mantiveron con dinamismo durante séculos esta zona moi cedo vinculada á civilización romana. Como di o refrán "*onde non hai camiño non hai veciño*". Isto obrigou aos pobos aquí afincados a facer e a manter as vías de comunicación. E, diso, dá testemuño a



toponimia actual: o termo máis antigo "calzada" (do latín *cal-*



ciata) parcialmente soterrada nos novos accesos a Asadur e a Couzada dos anos sesenta. A voz galega "couzada" é evolutivamente máis moderna que a semiculta "calzada" e a de "brea", equivalente de vereda ou camiño público, é aínda máis recente que as dúas; pois, era o camiño medieval que, a dicir dos estudosos, correspóndese case sempre con casas onde existiu ou existen restos dunha calzada romana como a que, segundo a tradición, subía por estas ladeiras desde *Braga* ata *Astorga*. E parece ser que "A Couzada" foi máis importante que *A Costa*:



sendo aquela a ubicación da primeira igrexa de Santiago. Nos documentos de *Asadur*, xa aparecen como firmantes, entre outros, Pedro Gunçalvez

de Couçada (1288); Domingo Pérez da Iglesia de Couçada (1292); Pedro Iohannes de Couçada (1292) e esta primacía mantena Santiago de Couçada ata 1487.

Desaparecidas as pegadas da *Vrea* pola desaparición de vías e camiños alternativos, a denominación de *Santiago da Vrea* acabou simplificada como *Santiago da Costa*. Os termos desta Costa chegaban polo norte ata o río Currelo e polo leste ata o vértice de Santa Marta. E, "xustamente con *Zeireiro e Valdrei eran poboacións*



do Señorío do Mosteiro de Monte de Ramo". Despois de Trento (1545) formou freguesía cuxas dimensións de leste a oeste e de norte a sur eran de media legua e a súa circunferencia dúas leguas. Ao leste limitaba coa freguesía de *Covas*; ao norte coa de *Asadur*, ao sur coa de *Vilar de Cas* e ao oeste coa de *Tioira*. En 1752, segundo o catastro da Ensenada, *Santiago da Costa* xunto con *Xinzo, Paioso, Zeireiro e Valdrei* e o *coto de Santa Marta* caían baixo a xurisdición de *Montederramo*: "Ditas poboacións son do señorío do Mosteiro de Monte de Ramo". A



Costa tiña entón 26 veciños e dúas casas en ruína. Formaba freguesía con *Couzada* (anexo da de *Asadur*) e con *Vascós*. E pagaban a *luctuosa* (a mellor res cando morría o cabeza de familia) e 100 reais anuais ao antedito mosteiro. E consta que, para as dilixencias de establecemento da única real contribución compareceron por *Santiago da Costa* "electos como peritos de boa opinión" os veciños Santiago Parente e Lorenzo Ferreiro. E na relación de bens deixan testemuño de ser boa xente, unha terra fértil, con cortiñas, bos prados, auga abundante, touzas e pastos.

Coa desamortización, os señoríos desapareceron, e *A Costa* cae baixo o dominio xurisdiccional de *Maceda*; como na actualidade.

Esta é a historia que, aínda, que pequena pode ser contada por agora.



SETESTRELO: Asociación de amigos do Castelo de Maceda

A. C. Aira das Mantas


Nace esta asociación no ano 2009, promovida por Francisco Nóvoa Rodríguez como presidente, xunto con Ramón Sarmiento González, Juan Conde González e Juan José Rodríguez Fernández.

Os fins da asociación, como se recolle nos seus Estatutos, son actuar conxuntamente na defensa do patrimonio arquitectónico e inmaterial, histórico e cultural do Castelo de Maceda; participar nas accións da Asociación de Concellos con castelos, torres e enclaves históricos; creación de premios para promover a defensa do

patrimonio monumental e arquitectónico popular; pór en valor a historia e tamén a conmemoración da Declaración de Monumentos Histórico-Artísticos.

Como primeiro paso na andaina desta, o seu presidente anunciou, na presentación da mesma que tivo lugar o 17 de outubro de 2009 no Castelo de Maceda, a creación do premio “Manuel Gómez Román”, en honra a este arquitecto que sempre defendeu a rehabilitación integral do patrimonio galego sen desvirtuar a súa orixe nin as súas características propias.


Con este galardón, que comezará a concederse este ano, a asociación recoñecerá anualmente a quen, co seu labor, contribúa á rehabilitación do patrimonio arquitectónico galego, como parte fundamental



da cultura e da historia de Galicia.

A asociación cultural AIRA DAS MANTAS, aproveitando o seu máis grande proxecto que é esta revista ALCATRUZ, quere facer público os seus máis sinceros parabéns a esta importantísima e moi loable iniciativa -dende o noso punto de vista- e á cal desexamos unha longa e fructífera traxectoria.

O termo SETESTRELO, que decidiron adoptar como nome para a asociación, é o que, tradicionalmente, se emprega en Galicia para facer referencia ás sete estrelas máis visibles da constelación que coñecemos como Osa Maior.



PARA OS MÁIS CATIVOS

Xurado Concurso

Logo de propoñer a nenas e nenos, no número 1 da revista ALCATRUZ e dentro do apartado "Para os máis cativos", a partir do conto (A Marela taravela) de Xosé Neira Vilas, unhas actividades, dispoñémonos neste mesmo apartado á publicación das respostas que o Xurado do Concurso valorou en máis grande medida.


O xurado, unha vez reunido, e por unanimidade, adoptou a decisión de valorar en maior medida o debuxo e as respostas elaborados por Miguel Barrera, de 8 anos de idade e con domicilio en Ourense. Tamén, decidiu conceder unha mención especial, dada a escasa idade da autora (Ana Barrera de 5 anos de idade), polo seu debuxo presentado, recoñecendo con esta mención o seu esforzo na realización do mesmo

ÓS DOUS, OS NOSOS PARABÉNS!



Lembrando as PREGUNTAS:

- 1ª.- Que nomes teñen as túas 5 vacas?
- 2ª.- A que raza pertence cada unha delas?
- 3ª.- En que se diferencian unhas das outras?
- 4ª.- Que razas de vacas son propias de Galicia?
- 5ª.- Por que tés as vacas?
- 6ª.- Para que as tés?
- 7ª.- Gústache a idea de poñer a umha vaca "bonita", como propón o escritor desta historia?
- 8ª.- Cres que as vacas teñen sentementos, como nós as persoas? Por que?
- 9ª.- Ti ves unha vaca capaz de facer unha trasnada? Por que?



1) Paper, Piquin, Papa e Pupa y Pape

- 2) Papi - Rubia gallega
Piso - Frouma
Papi - Casinos
Pupa - Manchica
Papa - Batiza

3) Unas son de un color outro de otro algunhas teñen as orellas mas longas y outras mas cortas

4) Rubia gallega

5) Por cadalar

6) Para abitar leite e carne

7) Si

8) Non, Porque nunca sabemos a unha lebre como cantu

9) Si, Porque as vacas se aldan sobitas dan golpes cos cornos

Miguel Barrera
8 anos

OS VIXIANTES DO LUGAR

Amalia González Otero

Aquel día erguinme moi cedo, a iso das seis da mañá. Aso-meí a testa pola ventá e quedei sorprendido: había no souto unha nube, ¡grandísima e negrísima, de paxaros, serían polo



menos mil... ou dous mil paxaros!

Fun alá a ver qué pasaba. Estaban todos nerviosos e moi



axitados! Cando cheguei, preguntille ao *cuco* que era o que pasaba alí, contestándome éste que estaban a celebrar unha asemblea. Eu quedei alí para ver qué clase de asemblea era

esa que reunía a tantos paxaros, pois estaban ata os nocturnos como a *curuxa*, o *moucho* e incluso o *morcego*! Estrañoume



moito, porque o *morcego* non é paxaro, todos sabemos que é un mamífero voador.

De pronto fíxose un silencio total e, deseguido, empezaron a falar.



O *corvo* dixo:

-Agora vén a época da comida fácil, digamos por exemplo as cereixas, as béveras os amorodos, as mazás, as peras, e ao final da tempada os figos e as nozes, sen esquecer as castañas!

-Xa vistes o que pasou o ano pasado. Viñeron os paxaros de Casonel e deixáronnos sen comer apenas, e agora non é



como antes que había moito millo e trigo sementado; agora de sementeira, nada de nada!, así que hai que aproveitar a froita das árbores ou morrere-



mos de fame, anque tamén comamos grilos, moscas, mosquitos, etc. Xa sabedes que a froita é moi necesaria para o corpo. Ben, pois creo que habería que organizar unhas quendas de vixilancia para manter fóra



do pobo aos paxaros de Casonel e vixiar tamén aos de Casasoá, que ás veces tamén se achegan a Calvelo!



Todos os paxaros estaban de acordo.

Tomou a palabra a *curuxa*:



-Hai que facer turnos de vixilancia para repartir o traballo, uns pola mañá, outros pola tarde e finalmente outros pola noite!

Pola mañá: o *cuco*, a *papuxa*, a *rola*, a *andoriña*, a *bubela* e o *pardal*.

Pola tarde: o *corvo*, a *pega*, a *carriza*, a *lavandeira* o *colibrí* e o *vencello*.

Pola noite: a *curuxa*, o *moucho*, o *bufo* e o *morcego*.

A todos, pareceulles estu-
penda a proposición da *curuxa*



e apro-
bárona
p o r
unani-
midade.

Despois falou o *cuco*:

-Hai que elixir os xefes dos grupos, para que alguén quede encargado de organizar as vixilancias! Deberíamos elixir tamén un xefe xeral para coordinar os diferentes xefes dos grupos e se hai algún problema tratalo entre eles sen ter que molestar, como hoxe, a tódolos paxaros, porque cada un tén da bondo que facer coas súas cousas!

Oíuse unha voz, era a *lavandeira*:



-Iso, iso, tí de xefe supremo!, porque es o que menos tén que facer, pois nin siquiera fas o niño xa que aproveitas o dos demais que están feitos!

Ao *cuco* non lle sentou moi ben o comentario da *lavandeira*, pero calou a boca cando



viu que estaban todos de acordo en nomear o xefe supremo.

-É moi tarde! Dixo a *pega*, co seu característico mal humor. Hai que elixir os xefes de grupo e acabar canto

antes. Eu propoño, para o grupo



da noite á *curuxa*, para o da mañá á *rola* e para o da tarde ao meu amigo o *corvo*.

Todos empezaron a bater as ás!, aplaudindo a proposición da *pega*.

Tomou a palabra o *cuco* e dixo:



-Tolerancia cero! Non se pode permitir que ningún paxaro alleo, coma a froita de Calvelo! A vixilancia comeza agora mesmo!

Eu quedei alucinado, os pa-



xaros entenden e organízanse moi ben, se fixeramos así os humanos este mundo funcionaria de marabilla!

ACTIVIDADE SUXERIDA:

Estamos por asegurar que xa te percataches de que esta historia, coa que colabora Amalia, neste número da revista ALCATRUZ, é un relato ficticio, é dicir, tirado do seu maxín.

Queremos que saibas que ésta non é a súa profesión, só compón por puro pracer.

Tamén te estarás a preguntar e a cavilar cómo é posible que uns paxaros *falen e celebren asembleas*, por exemplo, cando estas cualidades -ambas as dúas- diríamos que son propias dos humanos e non das aves.

Logo disto, quixeramos propoñerche unha actividade na que xogues a ser “contista”, por un intre (como a autora), e escribas un conto curto e inventado no que os personaxes sexan peixes e, tamén, falen entre eles e actúen como se de persoas se tratase (non moi longo!, como moito unha folla de libreta das que empregas no colexio).

ANÍMATE! e cando o teñas rematado, entrégao na Biblioteca Pública de Maceda (no Toural, como ben sabes) antes do 31 de decembro de 2010 ou ben mándanolo a airadasmantas@gmail.com.

Non esquezas poñer o teu nome e apelidos, a idade e mais un teléfono no que poidamos contactar contigo.

Establécense as seguintes categorías:

A - de 6 a 7 anos

B - de 8 a 9 anos

C - de 10 a 11 anos

Os premios (un por categoría) serán unha sorpresa! Asemade, os relatos que o xurado valore máis, sairán publicados no seguinte número da nosa revista.

Lembrámosche que podes colaborar connosco aportando ideas, participando na programación e/ou realización de actividades a desenvolver pola Asociación así como na elaboración de sucesivos números da revista ALCATRUZ e como non facéndote socio/a mediante unha pequena aportación económica, polo que che entregariamos un carné.

Tén claro que a nosa é unha asociación sen ánimo de lucro, o que quere dicir que tódolos ingresos (cotas socios/as e mais subvención/s) reverten integramente na xustificación do programa cultural anual da Asociación.

De teres a intención de brindarnos a túa colaboración, podes facelo ben a través de airadasmantas@gmail.com ben mediante un ingreso de 20 euros -cota anual establecida para o ano 2010- na conta 2080 0313 94 0040013157 que temos aberta en CAIXANOVA.

Contigo seremos MÁIS!

A DIRECTIVA

MAR DI BISCAIA

IL REGNO DI GALICIA

Descritto da Giacomo Carlini, Geografo.

Questo in base all'osservazione di vari viaggiatori, e di un viaggio fatto in persona dall'Autore nel 1787.

